



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) TÉCNICO DE APOIO AO TÉCNICO DE DEPORTES, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVINIL (EXP. TR350E-2025-00000117-00 – EXP. 2025/E001/000007)

Primeira. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a selección laboral temporal, mediante o sistema de oposición, de (1) Técnico de apoio ao Técnico de deportes.

Características do posto de traballo:

- Contrato de traballo de duración determinada para a mellora da ocupabilidade (Contrato vinculado a un programa financiado con fondos europeos) (Código 406).
- Grupo de cotización: 1.
- CNO: 2329.
- Xornada: completa (37,5 horas á semana - luns a venres).
- Duración: nove (9) meses.
- Retribucións: **2.113,00 €** (salario + prorrata paga extra)/mes.

Funcións: Apoio ao técnico de deportes no desenvolvemento da planificación, organización, xestión e promoción da actividade deportiva, na administración das instalacións deportivas municipais, así como na xestión orzamentaria da área de deportes.

Este posto estará baixo a dirección, organización e supervisión do técnico de deportes.

Segunda. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Por tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, non sendo aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas.

Terceira. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes terán que reunir, tanto na data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes, como no momento de formalización do contrato de traballo, as condicións seguintes:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), ou estranxeiro con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade na data da convocatoria e non exceder, no seu caso, os 29 anos (idade máxima establecida pola normativa do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).
- c) Estar en posesión do título universitario de grao en ciencias da actividade física e do deporte ou titulación equivalente.
No caso de invocar un título equivalente ao esixido ou titulación obtida no estranxeiro, o aspirante deberá presentar o correspondente certificado de equivalencia, expedido polo órgano estatal ou autonómico competente en materia de educación. Dita equivalencia deberá referirse, tanto ao grao como á especialidade esixida.
- d) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.
- e) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

f) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.

Cuarta. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA: presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego (art. 29.3 da Orde de 13/08/2025, DOG nº 160, de data 22/08/2025).

Quinta: ADMISIÓN DOS ASPIRANTES:

Os candidatos proporcionados pola oficina pública de emprego deberán presentar ata o **17/11/2025** no Rexistro Xeral do Concello a documentación seguinte:

- Anexo I.
- Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- Copia cotexada da titulación mínima esixida para participar nesta convocatoria.
- Copia cotexada do documento acreditativo de ostentar a condición de demandante non ocupado.
- Copia cotexada do documento acreditativo de figurar inscrito como persoa moza beneficiaria no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil non ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Datas:

- **18/11/2025**, publicación da lista de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, si é o caso, das causas de exclusión.

A resolución aprobando a lista de admitidos publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal do Concello.

Sexta. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador estará constituído polos seguintes membros:

- Presidente: Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.
- Vogais:

Marcos Gándara Costa, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.
Yolanda Cela Villaverde, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.
Rocío Varela Rodríguez, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.
- Secretario: José Alberto Moar Tobío, Funcionario da escala de administración xeral, subescala de xestión.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, nin sen Presidencia nin sen secretaria.

Sétima. INICIO E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo consistirá na realización da proba seguinte.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROBA PRÁCTICA

Terá lugar o día **20/11/2025**, ás 10:00 horas, na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos/as os/as aspirantes de comprobación de coñecementos prácticos no campo da área de deportes coa que conta esta entidade local para contribuír a levar a actividade físico deportiva a todos os cidadáns e garantir o pleno aproveitamento social das súas instalacións deportivas.

Consistirá en contestar un ou varios casos prácticos que determine o tribunal inmediatamente antes da súa realización, nun tempo máximo de 50 minutos, baseados nos temas que compoñen o programa que figura no Anexo II.

Seguidamente, as persoas aspirantes procederán á lectura do caso ou casos prácticos ante o tribunal. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para alcanzar a puntuación mínima.

Os aspirantes dispoñerán dun prazo de tres días hábiles, desde o día seguinte á publicación do resultado da cualificación desta proba, para presentar alegacións e solicitar a súa revisión.

Oitava. ORDE DE CLASIFICACIÓN DEFINITIVA

A orde de clasificación definitiva dos aspirantes será o resultado da puntuación obtida na proba práctica.

En caso de empate resolverase por sorteo.

Novena. LISTA DE APROBADOS

Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador publicará na web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello a lista de aprobados coas puntuacións obtidas por orde de maior a menor puntuación e elevará a proposta de aprobados á Presidencia da corporación co obxectivo determinar o aspirante seleccionado, así como a orde definitiva dos integrantes da bolsa de emprego, por orde da puntuación total obtida no proceso selectivo.

O Tribunal non poderá declarar e propoñer o acceso ao posto de traballo a un número superior de aspirantes aprobados ao de prazas convocadas, quedando eliminados todos os aspirantes de cualificación inferior que excedan da vacante convocada. A proposta que infrinxa esta norma será nula de pleno dereito.

Décima. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O aspirante que sexa chamado e dea a súa conformidade a unha contratación terá que presentar, no prazo máximo de dous días hábiles contados a partir do día en que manifeste a conformidade, os documentos seguintes, referidos sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Fotocopia DNI.
- b) Copia auténtica do Título esixido, ou na súa falta, certificación académica expresiva de concluír con cualificación positiva todos os estudos precisos para a súa obtención.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- c) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.
- d) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil non ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.
- f) Domiciliación bancaria para ingreso da nómina.

Non poderán ser contratados quen non presenten a documentación no prazo indicado, salvo os casos de forza maior, ou si se deduce que carece dalgún dos requisitos.

Undécima. BOLSA DE TRABALLO.

Os aspirantes que superen o proceso selectivo integraranse nunha bolsa de traballo ao obxecto de cubrir as baixas do persoal laboral obxecto da convocatoria.

Procedemento para a cobertura dun posto de traballo.

O chamamento realizarase segundo a orde da bolsa nese momento. A cada aspirante efectuaránselle ata tres chamamentos por vía telefónica repartidos en dous días diferentes, cun intervalo entre eles polo menos de catro horas, coa maior antelación posible ao día en que proceda a contratación. No caso de que a persoa interesada facilítase o seu mail, o chamamento efectuarase a través correo electrónico unha soa vez, debendo contestar nun prazo máximo de 24 horas.

No caso de que non resulte posible a súa localización ou por falta de resposta pasarase ao seguinte aspirante, aínda que se respectará a súa quenda na bolsa.

De todas as actuacións deberase deixar constancia por escrito estendendo dilixencia acreditativa das practicadas e as súas incidencias.

As persoas interesadas deberán ter actualizados os seus datos persoais e de contacto no caso de que se produzan modificacións, comunicándoas formalmente á Administración (correo electrónico con constancia de recepción). Noutro caso asumirán os prexuízos que lles cause.

Os aspirantes propostos, cando sexan chamados para a súa contratación, deberán presentar, no Departamento de Recursos Humanos do Concello, no prazo máximo de 48 horas, a seguinte documentación:

- g) A Fotocopia DNI.
- h) A Copia auténtica do Título esixido, ou na súa falta, certificación académica expresiva de concluír con cualificación positiva todos os estudos precisos para a súa obtención.
- i) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.
- k) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil non ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- l) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.
- m) A domiciliación bancaria para ingreso da nómina.

Causas de exclusión.

Serán causas de exclusión das bolsas de emprego as seguintes:

- a) A solicitude expresa da persoa interesada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- b) Non aceptar a proposta de traballo ofertada.
- c) Non presentar en prazo a documentación requirida para a formalización do contrato ou presentar datos incorrectos.
- d) Solicitar o cesamento por renuncia despois da incorporación.
- e) Exclusión por deficiente rendemento constatado en informe do técnico/a e acordado, previo prazo de alegacións, polo órgano correspondente.

Duodécima IMPUGNACIÓN

As presentes bases específicas e todos os actos administrativos que se deriven das bases e das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados conforme ao que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ordes, 11 de novembro de 2025.

O Alcalde-Presidente
José Luis Martínez Sanjurjo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./D^a. _____

Con DNI/Pasaporte/NIE nº _____, con domicilio en _____

Código postal _____, teléfono de contacto _____, e

endereço electrónico _____.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Coñecer as bases que regulan a selección, en réxime de persoal laboral de **(1) TÉCNICO DE APOIO AO TÉCNICO DE DEPORTES**, as cales asume e acepta na súa integridade.
- Cumprir os requisitos esixidos polas bases da dita convocatoria.

SOLICITA:

Ser admitido no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de **TÉCNICO DE APOIO AO TÉCNICO DE DEPORTES**, declarando que son certos os datos consignados na presente solicitude.

Á presente instancia achégase a seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.
- Copia cotexada do da titulación mínima esixida para tomar parte nesta convocatoria.
- Copia cotexada do documento acreditativo de ostentar a condición de demandante non ocupado.
- Copia cotexada do documento acreditativo de figurar inscrita como persoa moza beneficiaria no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil non ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

En _____ a, de _____ de 2025

Asdo./ _____

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANEXO II

TEMARIO

Tema 1. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os interesados no procedemento administrativo. Os actos administrativos. O procedemento administrativo común. Os recursos administrativos.

Tema 2. A organización municipal. As competencias municipais.

Tema 3. O persoal ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Dereitos económicos.

Tema 4. A facenda das entidades locais. Os tributos municipais. O orzamento municipal.

Tema 5. Os contratos do sector público. Tipos contractuais. O expediente de contratación. Procedementos de contratación. A adxudicación, interpretación, modificación e resolución dos contratos.

Tema 6. A Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos.

Tema 7. A Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. Principios xerais da ordenación deportiva. Organización administrativa do deporte. A actividade deportiva. Planificación das instalacións deportivas o servizo do deporte.

Tema 8. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Competencias das entidades locais en materia de deporte. Actividade deportiva e actividade física. Instalacións deportivas.

Tema 9. A planificación deportiva. Fase de plans deportivos. Fase de programas deportivos. Fase de proxectos deportivos.

Tema 10. A dirección, xestión e mantemento das instalacións deportivas. Tipoloxías, usos e modos de xestión. As instalacións deportivas municipais.